



BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “ULLA-UMIA (MORAÑA– PORTAS -VALGA)”

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade coa Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A) (DOG nº 38 de 22 febreiro de 2024), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos- traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de VALGA e subvencionado pola antedita Consellería.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de FORESTAL (AGAR0309, AGAR0208).....Nivel 1

10prazas na especialidade de CARPINTERÍA
(MAMD0209/MAMD0109/MAMR0308)Nivel 1

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.

Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuیر a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.

Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersonais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.

Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados polo grupo de traballo, serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato de formación en alternancia ou o que corresponda de acordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de doce meses).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.





a) REQUISITOS XERAIS:

- Posuér a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

Preferencia aqueles/as aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

- Ter 18 ou máis anos de idade.
- Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

c) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- Incumprir os requisitos mínimos
- Falta de documentación acreditativa
- Falsear os datos da solicitude (cuestionario)
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia con emprego.
- Posuér algúun certificado de profesionalidade dos que se van impartir neste obradoiro
- No caso de que participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia, excepto que o certificado que vaia cursar sexa de nivel superior, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

- A OFERTA DE EMPREGO, será elaborada e presentada pola entidade promotora, será asinada polo seu presidente ou concelleiro en que delegue.





a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concellos, participante no proxecto MORAÑA-PORTAS-VALGA. De non atoparse candidatos suficientes (TRES por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: 3 por posto, cun nivel profesional de PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3^a. Preferencia aqueles/as aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro de emprego

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega imprescindible dos seguintes documentos:

Fotocopia do DNI actualizado.

Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)

Acreditación da maior Titulación académica adquirida.

Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).

Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).

Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).

Os representantes de dita entidade, no grupo de traballo, estarán presentes o día da realización das solicitudes e a recollida de documentación, e atenderán calquera dúbida.

As SOLICITUDES faranse o día que se lle indique aos candidatos, segundo o modelo anexo II, tendo que presentar nese momento imprescindiblemente a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A entidade promotora presentará tódalas solicitudes e documentación pertinente para a súa valoración conxunta polo grupo de traballo.

A lista de candidatos que pasan a fase de entrevista, exporase no taboleiro da web da entidade promotora e na oficina de emprego.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 18 puntos.





Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de traballo poderá citar a mais candidatos para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase no taboleiro da web da entidade promotora e no da oficina de emprego.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio do baremo establecido no ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 10 puntos.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do grupo de traballo. De cada sesión realizada, estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.

Explorase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro web da entidade promotora e no da oficina de emprego. Nesta relación figurará o prazo que se concede para formular as alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da relación definitiva de admitidos do proceso de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de traballo na correspondente sesión, procederá á súa cualificación final (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta nos taboleiros da entidade promotora e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Non ter participado con anterioridade nun obradoiro de emprego
2. Teñan o menor nivel académico.
3. Teñan a maior idade.
4. Teñan menor experiencia laboral.

Novena.- LISTA DE RESERVA.





1. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzcan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera disponible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederse a iniciar un novo procedemento selectivo.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNNS.

1. Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG do 7-02-2024) da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, áinda que a entidade promotora sexa un organismo público

2. O grupo de traballo resolverá as incidencias e reclamaciónns que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Undécima.- GRUPO DE TRABALLO DE SELECCIÓN.

O Grupo de traballo de Selección estará formado polos seguintes membros:

-Juan Ramon Angueiras Castiñeiras, Técnico de Orientación Laboral. Concello de Valga en calidade de **PRESIDENTE**

-María José Cruces García, Técnica Concello de Valga, en calidade de **SECRETARIA**

-Gumersindo Calvo Rey, Administrativo do Concello de Moraña, como VOGAL

-Juan Manuel Alvárez Pérez , Administrativo do Concello de Moraña, como VOGAL

-Maria del Carmen Carracelas Rosales, de Secretaria,Concello de Portas, como VOGAL

-Miguel Angel Maquieira Cancela, Técnico Concello de Portas, como VOGAL

Se por calquera causa, no momento no que teñan as reunións do Grupo de Selección, algún dos componentes non puidera acudir, poder substituído por quen designe a entidade correspondente.

Nembargantes, o Grupo de Selección considerarase validamente constituído coa participación nas reunións de traballo, polo menos, de tres dos seus componentes.

As decisións adoptaranse pola maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais a persoa designada como Presidente disporá do voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

Valga 15 de outubro de 2024





ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO -TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO“ULLA-UMIA (MORAÑA-PORTAS-VALGA)”

1.- MULLERES

En xeral 0,50 pto.

2.- IDADE

18 - 29 anos	3,75 ptos.
30 - 44 anos	2 ptos.
45 ou máis	2,50 ptos

3.- DISCAPACIDADE

Minusvalía $\geq 33\%$ 0,50 pto.
(Sempre que poidan realizar os traballos)

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPEGO

Perceptores de desemprego 1 pto.
Perceptores de subsidio ou axudas* 2 ptos.
Perceptores 3 ptos.

* RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA.....

5.- TEMPO DE DESEMPEGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

Menos de 12 meses 1 pto.
Máis de 12 meses 2 ptos.

Máis de 18 meses... 3 ptos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 1 pto.

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social

da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.
Informe de servizos sociais.

7.- Formación académica

Ata graduado en ESO..... 3 ptos.
Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
FP de ciclo superior..... 1 pto.





XUNTA
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Títulos universitarios0,5 ptos.

8.- Outros

Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI), con anterioridade á data de resolución de adxudicación,.....0,5 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

9.- Non ter participado con anterioridade nun programa mixto de emprego e formación (escolas obradoiro, obradoiros de emprego)3,75 ptos

De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente





ANEXO II

SOLICITUDE POSTO DE ALUMNO/A-TRABALLADOR/A OBRADOIRO EMPREGO “ULLA-UMIA VII (MORAÑA-VALGA)”

Apelidos _____ Nome _____

DNI _____ Data
nacemento _____ idade _____ Teléfono _____ -

Endereço _____ N° _____ Piso _____ Concello _____
____ C.P. _____

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudios primarios - Graduado escolar- ESO sen aprobar
- Graduado en ESO - FP1 ou Ciclo medio de
- BUP.....COU
- Bacharelato
- FP2 ou Ciclo superior de.....
- Proba Acceso: -CM.....-
CS.....
- Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:.....
- Diplomado- Licenciado-
Grao.....

Realiza estudos na actualidade ?
Cáles ?.....

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?
- Competencia Matemática.....Nivel
2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel
2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Galega.....Nivel
2.....Nivel 3.....





-Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés).....Nivel
2.....Nivel 3.....

NIVEL DE LINGUA GALEGA: Celga 2, Celga 3, Celga 4, Iniciación, Perfeccionamento,

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia).

- Centro.....Curso.....Duración.....
....meses, ano

- Centro.....Curso.....Duración.....
....meses, ano

-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

NO

SI: Escola/Obradoiro
de.....Especialidade.....
Data.....

-POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE
PROXECTO?.....

.....
.....
.....
.....

-QUE ESPERA OBTENER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?

.....
.....
.....
.....
.....

-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

.....
.....





-ASINU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-
FORMACIÓN?.....

-TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE
INSERCIÓN?.....

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu
itinerario?.....

Especialidade?.....

-PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE
DESEMPREGO?.....

-PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI,
RISGA....)?.....

-PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE
EXCLUSIÓN

SOCIAL?CAL?.....

-POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?..... INDÍQUEA (En caso
afirmativo, terá que
acreditalo),.....

-CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE
FAMILIAR?..... Cantos ingresos ten?.....

-POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O
TRABALLO CON NORMALIDADE?

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.

Valga 15 de outubro de 2024

